


# VOLVER LLES PALABRA



HOMENAXE  
AOS REPRESALIADOS  
DO FRANQUISMO

COORDINADORES:  
Xoán Carlos Domínguez Alberce  
Baldo Ramos

XUNTA DE GALICIA

## FURRIOLO

Xoán Carlos Domínguez Alberte

*Composto para o acto do 27 de agosto de 2006,  
organizado pola asociación Arraianos,  
en homenaxe aos represaliados na contorna celanovesa.  
Para que a serra que lle dá nome ao poema  
se converta para sempre en símbolo de liberdade*

Caláronvos a boca  
na flor da vida  
sangrando  
impotencia.

A súa impotencia  
de querer vencer  
e non convencer.

A ti  
mestre obreiro alcalde labrego estudante proletario  
dígoche que non teño palabras  
para volver a túa voz  
de home enteiro de muller esperanza.

O vento sen sentidos  
levou o suspiro do derradeiro alento  
da madrugada nunha gabia asasina.

Galiza  
mutilada aldraxada queimada fusilada  
para nunca máis  
outra vez NUNCA MÁIS  
poder florecer.

Malditos miserables covardes asasinados  
de camisa azul e paseos nocturnos cautelosos  
que carrexastes a morte  
ás gabelas  
incendiando de sangue  
o corazón  
da nosa terra.

Eiquí neste Furriolo  
que un día sentiú perder todo o alento  
e abrasarse a intelixencia  
no voso sangue derramado  
de tiro na cabeza  
en milleiros de ríos estiñados  
o voso nome é un outeiro  
unha cima de aire  
que agora xa se pode respirar  
con ollos renovados  
e que sempre ten presente  
que un día a vosa vida  
pagou a pena  
e vale todas as palabras  
que o vento desta serra  
lle levanta cada día  
á impotencia.